

CONVOCATORIA AXUDAS A ESTUDANTADO REFUXIADO OU SOLICITANTE DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (“ABRIGA UDC”)

O Programa de Acollda Universitaria na Universidade da Coruña xorde como iniciativa no ano 2019, no que a UDC adheriuse ao programa "Rapid Response Mechanism for Higher Education in Emergencies" da oficina do entón Presidente de Portugal Jorge Sampaio, para facilitar o estudo universitario a persoas en situación de solicitude de protección internacional. Este programa ponse en marcha no curso académico 2019/2020. O seu obxectivo fundamental é contribuir a paliar a situación das persoas que buscaban asilo en Europa, potenciando a capacidade de acollda da sociedade dende a perspectiva da educación.

En coherencia coa declaración da Asamblea Xeral da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) do 7 de setembro de 2015, a Universidade da Coruña, como integrante da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, asina, xunto coa Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela a “Declaración de compromiso da Universidade públicas Galegas coa Axenda 2030 de Desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas” en novembro de 2019, na que queda incluída a acollda de estudantes refuxiados/as co obxectivo de contribuir a garantir o dereito da educación superior das persoas refuxiadas e en situacións análogas.

BASES

1. OBXECTO DAS AXUDAS

Ofrecer bolsas de apoio ao estudiantado matriculado ou que dexese matricularse na UDC y que estando en posición do estatus de refuxiado/a ou de solicitude de asilo, precise axudas para a continuidade ou o inicio de estudos e cumpran os requisitos descritos nesta convocatoria.

2. MODALIDADES DAS AXUDAS

As axudas ofrecidas quedan enmarcadas nas seguintes modalidades, puidéndose elixir máis dunha opción:

- Taxas e prezos públicos da matrícula completa ou parcial do curso correspondente na UDC.
Non se cubrirán gastos de materias suspendidas salvo casos excepcionais –e nunha soa ocasión- que demostren situacións psicosociais adversas.
- Tasas e prezos públicos da matrícula en lingua española do Centro de Linguas da UDC.
Só para estudiantado que non teña un dominio do español ou precise dun apoio extra.
- Taxas de expedición de títulos.
- Aloxamento nas residencias universitarias no caso de non ter cubertas estas necesidades por outros medios (máximo unha bolsa de aloxamento en Ferrol e 4 en Coruña).
- Atención psicolóxica en colaboración coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF)
A asistencia psicolóxica poderá ser solicitada en calquera momento do curso polo grupo de estudiantado beneficiario da axuda, e será asignada unha vez se realice a valoración correspondente por profesionais do UIICF.

Nesta convocatoria ofértanse 5 bolsas por curso académico que poderán incrementarse segundo a dispoñibilidade orzamentaria e as situacións de crise global que o xustifiquen.

No reparto das axudas por distintos conceptos, terán prioridade as de cobertura do coste da matrícula.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

A presente convocatoria resulta de aplicación a estudantado estranxeiro de fóra da Unión Europea, cos requisitos académicos necesarios para cursar un grao, posgrado ou doutoramento e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Posuír o estatus de refuxiado/a en España, consonte á Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do Dereito de Asilo e da Protección Subsidiaria.
- b) Ser solicitante de refuxio en España en posesión da tarxeta vermella ou do resguardo de solicitude de protección internacional.
- c) Ser solicitante de protección temporal, mediante a Orde PCM/169/2022, do 9 de marzo, pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína.
- d) Estar avaladas por algunha das entidades conveniadas coa UDC para a realización das accións recollidas nesta convocatoria.
- e) Para estudantado de grao, estas axudas poderanse solicitar de maneira consecutiva por un máximo de cinco anos, agás no caso de aquelas carreiras estruturadas en máis tempo. No caso de estudos de máster, o período de continuidade será de ata dous anos (e excepcionalmente tres anos, cando o máster estea dividido en dous anos) e no caso de estudos de doutoramento, de ata catro anos.

4. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS

1. As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude dirixida á Oficina de Cooperación e Voluntariado (ocv@udc.es), no rexistro electrónico da UDC ou por calquera dos medios sinalados na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

2. O formulario de solicitude aparece como Anexo I desta convocatoria e deberá ir acompañado da seguinte documentación:

- Fotocopia do Permiso de Residencia, que especifique a Protección subsidiaria e internacional ou no seu caso a solicitude de refuxio ou protección temporal (tarxeta vermella ou o resguardo de solicitude de protección internacional).
- Carta de presentación e motivación da súa petición (no que explique tamén a súa situación socio-familiar).
- No caso de graos e másteres xa iniciados na UDC, fotocopia do último expediente académico e, no caso de doutoramento, fotocopia do último informe do director/a de tese.
- Informe da situación económica e social das entidades conveniadas coa UDC para este fin.
- Currículum vitae.
- Cualquera outra documentación que a persoa solicitante considere relevante: cartas de recomendación, outros documentos que poidan acreditar a súa situación social e económica, etc.

3. Se a solicitude adocera dalgún requisito requiriráselle á persoa interesada, a través do seu correo electrónico para que, no prazo de dez días, o subsane.

5. PROCESO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. A selección das candidaturas efectuarase por unha Comisión de Selección e Avaliación integrada polos seguintes membros ou persoas nas que deleguen:

- Vicerreitor/a de Internacionalización e Cooperación.
- Vicerreitor/a de Estudantes, Participación e Empregabilidade.
- Director/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado.
- Técnico/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado.
- Xefe/a do Servizo de Estudantes

2. Para a selección das candidaturas e distribución das axudas, a Comisión terá en consideración os seguintes criterios:

- Estatus de refuxio, solicitante de asilo ou protección temporal.
- Información social e económica aportada pola entidade conveniada.
- Expediente académico da persoa solicitante.
- Carta de presentación e motivación da súa petición.
- Grao, máster ou programa de doutoramento no que se quere matricular.

A comisión guiarase polos valores da UDC en relación á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e coas persoas con diversidade funcional. Cumprindo cos principios de protección internacional, a Comisión prestará especial atención aos casos que reflictan unha maior necesidade de acollida.

6. OBRIGAS E SEGUIMIENTO

Son obrigas das persoas beneficiarias destas axudas:

- Facilitar cantas actuacións de comprobación fosen precisas para verificar, no seu caso, o cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da axuda.
- Cumprir coas obrigas académicas que derivan da súa matrícula, tales como a asistencia a clase, a realización de toda as probas e exames das materias nas que se atope inscrito/a, e a participación responsable nas demais actividades que complementen a súa formación. No caso do doutoramento, realización e cumprimento do plan de traballo acordado co titor/a do seu programa.

O incumprimento non xustificando destas obrigas pode conducir a unha anulación das axudas, e a que se esixa a devolución das cuantías indebidamente percibidas.

7. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas serán compatibles con calquera outra bolsa ou axuda de calquera organismo público ou privado, incluídas as propias da UDC.

8. RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

A resolución de concesión das axudas correspóndelle á persoa titular da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, que fará pública a correspondente resolución que surtirá efectos de notificación e contra a que se poderá interpoñer recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes dende o día seguinte da súa publicación, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso Administrativo da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e 8 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción Contencioso-Administrativa.

9. TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Dacordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico: secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder axudas a estudantado refuxiado ou solicitante de protección internacional. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da OCV e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv; <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo. Os datos mencionados trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente ao delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



CONVOCATORIA AXUDAS A ESTUDANTADO REFUXIADO OU SOLICITANTE DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (“ABRIGA UDC”)

**ANEXO I
DATOS E CURRÍCULO DO ALUMNADO**

(En calquera das aliñas deste impreso poderá empregarse máis espazo se for preciso)

1. BREVE CURRÍCULO DO ALUMNADO		
Datos persoais		
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento:	Nacionalidade:	DNI/NIE:
Domicilio: rúa, número e piso	Localidade e provincia:	Código postal:
Teléfono/s de contacto:	Enderezo de correo electrónico:	
Datos académicos		
Título académico		Curso actual
Experiencia laboral		
Idiomas		

2. CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO